GABINETE VERNE

Xulio Verne foi un escritor burgués, disciplinado, que atopou máis inspiración na súa nutrida biblioteca que en viaxes ou peripecias vitais. Imaxinou o mundo dende o seu gabinete de traballo, un espazo aparentemente limitado para unha creatividade metódica, racional e, non obstante, extraordinaria. O seu legado inclúe un centenar de obras, centos de personaxes e aventuras que transcorren en practicamente todos os cantos do globo. Xeografía, física, química, mecánica, bioloxía, zooloxía, xeoloxía, antropoloxía, tecnoloxía... Ningunha área de estudo escapou da curiosidade voraz dun autor que aspiraba a divulgar todo o saber da súa época, como fixeran os enciclopedistas no século anterior. Xulio Verne transmitiu unha morea de coñecementos a millóns de lectores en todo o mundo, pero nunca foi consagrado pola Academia francesa, pouco amiga dos escritores de éxito. En cambio, o cinema, a arte popular por excelencia, si que rendeu tributo a Verne dende as orixes, e adaptou ata hoxe trinta e tres novelas en máis de noventa e cinco películas.

GABINETE VERNE

Julio Verne fue un escritor burgués, disciplinado, que encontró más inspiración en su nutrida biblioteca que en viajes o peripecias vitales. Imaginó el mundo desde su gabinete de trabajo, un espacio aparentemente limitado para una creatividad metódica, racional y, sin embargo, extraordinaria. Su legado incluye un centenar de obras, cientos de personajes y aventuras que transcurren en prácticamente todos los rincones del globo. Geografía, física, química, mecánica, biología, zoología, geología, antropología, tecnología... Ningún área de estudio escapó de la curiosidad voraz de un autor que aspiraba a divulgar todo el saber de su época, como hicieran los enciclopedistas en el siglo anterior. Julio Verne ha transmitido un sinfín de conocimientos a millones de lectores en todo el mundo, pero nunca fue consagrado por la Academia francesa, poco amiga de los escritores de éxito. En cambio, el cine, arte popular por excelencia, sí que ha rendido tributo a Verne desde los orígenes, adaptando hasta hoy treinta y tres novelas en más de noventa y cinco películas.

VERNE'S STUDY

Julio Verne was a middle class, disciplined writer who found greater inspiration in his well-stocked library than in journeys or life experiences. He imagined the world from his writing desk, an apparently limited space for his methodical, rational, and yet extraordinary creativity. His legacy includes about a hundred works, hundreds of characters, and adventures that take place in almost every part of the world. Geography, physics, chemistry, mechanics, biology, zoology, geology, anthropology, technology… No area of study escaped the voracious curiosity of an author who aimed to share all the knowledge of his time, as had the encyclopedia writers of the previous century. Jules Verne has transmitted an immeasurable amount of knowledge to millions of readers worldwide, but he was never consecrated by the French Academy, which is unfriendly to best-selling authors. However, the cinema, the quintessential popular art form, has rendered tribute to Verne since its inception, adapting thirty three novels to date in over ninety five films.

A TERRA
COÑECIDA E DESCOÑECIDA

As *Viaxes extraordinarias* buscaban descubrir toda a Terra aos seus lectores, non en van tiñan o subtítulo de *Os mundos coñecidos e descoñecidos*. Para iso, Verne estaba ao día de todas as grandes exploracións da súa época, un período no que o imperialismo e o afán de saber conducían a lugares tan descoñecidos como a África interior. Unha imaxe repetida en multitude de ocasións mostra o autor planificando sobre un mapamundi a súa seguinte obra, localizando os territorios que aínda non pisaran os seus personaxes. Tal foi a súa pericia que, en *Cinco semanas en globo* (1863), chegou a afirmar que o explorador Speke tiña razón cando situaba as míticas fontes do Nilo nas cataratas Ripon, o que non se confirmaría ata 1877. Só unha vez a súa imaxinación voou totalmente libre, e foi cando enviou o profesor Lidenbrock, o seu sobriño Axel e o seu guía Hans a un marabilloso subsolo que contiña un océano interior e animais extinguidos. Iso si, deixou a dúbida no lector de que, quizais, a *Viaxe ao centro da Terra* fose só unha alucinación. Ciencia ante todo.

LA TIERRA CONOCIDA Y DESCONOCIDA

Los *Viajes extraordinarios* buscaban descubrir toda la Tierra a sus lectores, no en vano tenían el subtítulo de *Los mundos conocidos y desconocidos*. Para ello, Verne estaba al día de todas las grandes exploraciones de su época, un periodo en el que el imperialismo y el afán de saber conducían a lugares tan desconocidos como el África interior. Una imagen repetida en multitud de ocasiones muestra al autor planificando sobre un mapamundi su siguiente obra, localizando los territorios que aún no han pisado sus personajes.Tal fue su pericia que, en *Cinco semanas en globo* (1863), llegó a afirmar que el explorador Speke tenía razón cuando situaba las míticas fuentes del Nilo en las cataratas Ripon, lo que no se confirmaría hasta 1877. Solo una vez su imaginación voló totalmente libre, y fue cuando envió al profesor Lidenbrock, su sobrino Axel y su guía Hans a un maravilloso subsuelo que contenía un océano interior y animales extinguidos. Eso sí, dejó la duda en el lector de que, quizá, el *Viaje al centro de la Tierra* fuera solo una alucinación. Ciencia ante todo.

THE KNOWN AND UNKNOWN WORLD

Extraordinary Journeys, which has an explanatory subtitle: *Known and Unknown Worlds*, aimed to reveal the entire globe to readers. To do so, Verne kept up to date on all the great explorations of his times, when Imperialism and the drive for knowledge led Westerners into places unknown to them, such as inland Africa. An oft-repeated image shows the author using a world map to plan his next work, marking the territories his characters had not yet reached. His expertise was such that, in *Five Weeks in a Balloon* (1863), he stated that Speke the explorer was right when he intuited the location of the legendary source of the river Nile at Ripon Falls, a fact which was not confirmed until 1877. Only once did he give free rein to his imagination, when he sent Professor Lidenbrock, his nephew Axel, and their guide Hans into a marvelous subterranean world with an underground ocean and extinct animals. Even so, he left readers wondering whether perhaps the *Journey to the Center of the Earth* was just a hallucination. Science was always of prime importance.



TROTAMUNDOS

Phileas Fogg, un dos personaxes máis célebres de Xulio Verne, calcula os pasos que o levan decote ao seu club de cabaleiros no centro de Londres. A aposta de dar a volta ao mundo en oitenta días era un desafío de todo imposible cando naceu o autor, pero na segunda metade do século XIX produciuse un desenvolvemento prodixioso dos medios de transporte que cambiou a concepción do mundo e do tempo. Verne verteu no libro toda a información ao seu alcance sobre o estado mundial das comunicacións en 1872: o túnel de Fréjus entre Francia e Italia, a canle de Suez, os grandes barcos de vapor, os ferrocarrís transcontinentais da India e Estados Unidos... Innovacións que aceleraban os desprazamentos e conectaban os pobos, sen favorecer necesariamente a súa avinza. Se Fogg encarna o moderno *globetrotter*, o seu servente Passepartout é un vagabundo máis tradicional, que Verne relaciona coas compañías circenses e a vida ambulante. Un tema que recupera con nostalxia na novela *César Cascabel*, dedicada ás peripecias dunha familia de artistas de circo.

TROTAMUNDOS

Phileas Fogg, uno de los personajes más célebres de Julio Verne, calcula los pasos que lo llevan a diario su club de caballeros en el centro de Londres. La apuesta de dar la vuelta al mundo en ochenta días era un desafío del todo imposible cuando nació el autor, pero en la segunda mitad del siglo XIX se produjo un desarrollo prodigioso de los medios de transporte, que cambió la concepción del mundo y del tiempo. Verne volcó en el libro toda la información a su alcance sobre el estado mundial de las comunicaciones en 1872: el túnel de Fréjus entre Francia e Italia, el canal de Suez, los grandes barcos de vapor, los ferrocarriles transcontinentales de la India y Estados Unidos... Innovaciones que aceleraban los desplazamientos y conectaban a los pueblos, sin favorecer necesariamente su avenencia. Si Fogg encarna al moderno *globetrotter*, su sirviente Passepartout es un vagabundo más tradicional, que Verne relaciona con las compañías circenses y la vida ambulante. Un tema que recupera con nostalgia en la novela *César Cascabel*, dedicada a las peripecias de una familia de artistas de circo.

GLOBETROTTERS

Phileas Fogg, one of Jules Verne's best-known characters, counts the number of steps he takes each day to his gentlemen's club in the center of London. The wager to circumnavigate the globe in eighty days was a completely impossible challenge when the author was born, but by the second half of the 19th century, the prodigious expansion of means of transport changed our conception of the world and time. Verne poured into the book all the information he could find about the state of world communications in 1872: the Fréjus Road Tunnel between France and Italy, the Suez Canal, large steamships, transcontinental railroads in India and the United States… These innovations greatly increased how often people traveled and connected them, often to their detriment. While Fogg embodies the modern day globetrotter, his servant Passepartout is a more traditional vagabond, whom Verne related to circus companies and a life on the road. A theme he came back to with nostalgia in *Caesar Cascabel*, about the adventures of a family of circus performers.



MOBILIS IN MOBILI

Xulio Verne naceu nun apartamento de cara ao porto de Nantes. A contemplación de buques mercantes, barcazas e baleeiros procedentes de lugares afastados avivou a súa imaxinación e fraguou un interese pola náutica moi presente na súa vida e a súa obra. En 1867, Verne viaxou aos Estados Unidos a bordo do *Great Eastern*, o meirande transatlántico do momento, inspiración das novelas *Unha cidade flotante* e *A illa de hélice*. A fortuna lograda a partir do éxito das adaptacións teatrais dos seus libros permitiulle comprar a súa terceira embarcación: o *Saint-Michel III*, un iate de vinte e oito metros de eslora, a bordo do cal realizou numerosos cruceiros. Verne transmitiu a súa paixón polo mar en novelas de aventuras memorables, como *Os fillos do capitán Grant*, pero é sen dúbida en *Vinte mil leguas de viaxe submarina* onde declarou un amor profundo polo medio acuático grazas ao seu *alter ego*, o capitán Nemo. O *Nautilus* é probablemente a mellor creación de Verne, unha máquina capaz de fascinar a quen finalmente inventou o primeiro submarino eléctrico, o mariño español Isaac Peral.

MOBILIS IN MOBILI

Julio Verne nació en un apartamento con vistas al puerto de Nantes. La contemplación de buques mercantes, barcazas y balleneros procedentes de lugares lejanos avivó su imaginación y fraguó un interés por la náutica muy presente en su vida y su obra. En 1867, Verne viajó a los Estados Unidos a bordo del *Great Eastern*, el transatlántico más grande del momento, inspiración de las novelas *Una ciudad flotante* y *La isla de hélice*. La fortuna lograda a partir del éxito de las adaptaciones teatrales de sus libros le permitió comprar su tercera embarcación: el Saint-Michel III, un yate de veintiocho metros de eslora, a bordo del cual realizó numerosos cruceros. Verne transmitió su pasión por el mar en novelas de aventuras memorables, como *Los hijos del capitán Grant*, pero es sin duda en *Veinte mil leguas de viaje submarino* donde declaró un amor profundo por el medio acuático gracias a su *alter ego*, el capitán Nemo. El *Nautilus* es probablemente la mejor creación de Verne, una máquina capaz de fascinar a quien finalmente inventó el primer submarino eléctrico, el marino español Isaac Peral.

MOBILIS IN MOBILI

Julio Verne was born in an apartment overlooking the port of Nantes. The sight of merchant vessels, barges and whaling ships from far-off lands spurred his imagination and forged an interest in all things nautical that permeated his life and work. In 1867, Verne traveled to the United States on board the Great Eastern, the largest transatlantic ship of the time, which served as the inspiration for his novels *A Floating City* and *Propeller Island*. With the fortune he made from theatrical adaptations of his books, he bought his third ship: the *Saint-Michel III*, a 28 meter yacht on which he took numerous cruises. Verne transmitted his passion for the sea in memorable adventure novels, such as In Search of the Castaways, but it is unquestionably in *Twenty Thousand Leagues under the Sea* where he declared a deep love for the water, thanks to his alter ego, Captain Nemo. The *Nautilus* is probably Verne's greatest creation, a machine that fascinated the man who invented the first electrical submarine, Spanish naval officer Isaac Peral.



DESERTOS DE XEO

Nunha época na que os polos eran a última fronteira, as historias das expedicións, moitas veces heroicas e outras tantas tráxicas, acendían a imaxinación dos lectores. Tamén a de Xulio Verne, quen, fascinado por aquelas terras brancas, fixo que os seus personaxes –tal como sucede nos dous volumes do capitán Hatteras ou en *Vinte mil leguas de viaxe submarina*– viaxasen ata alí en varias ocasións. Inspirándose en mitos e lendas ancestrais –un volcán en pleno Polo Norte, ou a Antártida como unha masa flotante que podía ser atravesada por debaixo–, supliu coa súa fantasía o aínda ignoto. Sorprende descubrir ata que punto algunhas das súas invencións anticiparon o que acontecería décadas máis tarde coas longas expedicións polares. E é que, se algo había sobre a Terra que puidese evocar outros planetas, eran as grandes superficies xeadas. En *A esfinxe de xeo*, onde Verne continúa *A narración de Arthur Gordon Pym*, do seu admirado Poe, ese mundo antártico, alucinado e fantástico, chega á súa máxima expresión cunha grande masa magnética que fai tolear os compases e atrae ata a perdición aos barcos, que se afunden sen poder evitalo.

DESIERTOS DE HIELO

En una época en que los polos eran la última frontera, las historias de las expediciones, muchas veces heroicas y otras tantas trágicas, encendían la imaginación de los lectores. También la de Julio Verne, quien, fascinado por aquellas tierras blancas, hizo que sus personajes –tal como sucede en los dos volúmenes del capitán Hatteras o en *Veinte mil leguas de viaje submarino*– viajaran hasta allí en varias ocasiones. Inspirándose en mitos y leyendas ancestrales –un volcán en pleno Polo Norte o que la Antártida era una masa flotante que podía ser atravesada por debajo–, suplió con su fantasía lo todavía ignoto. Sorprende descubrir hasta qué punto algunas de sus invenciones anticiparon lo que ocurriría décadas más tarde con las largas expediciones polares. Y es que, si algo había sobre la Tierra que pudiera evocar otros planetas, era las grandes superficies heladas. En *La esfinge de hielo*, donde Verne continúa *La narración de Arthur Gordon Pym*, de su admirado Poe, ese mundo antártico, alucinado y fantástico, llega a su máxima expresión con una gran masa magnética que hace enloquecer las brújulas y atrae hasta la perdición a los barcos, que se hunden sin poder evitarlo.

ICE DESERTS

At a time when the poles were the last frontier, stories of expeditions, whether heroic or tragic, sparked readers' imaginations, including that of Jules Verne. Fascinated by those white lands, he had his characters travel there on several occasions, such as in the two volumes about Captain Hatteras and *Twenty Thousand Leagues under the Sea*. Basing his tales on myths and ancestral legends, which placed a volcano at the North Pole or depicted Antarctica as a floating land mass one could traverse underneath, he used his imagination to supplant what was as yet unknown. Many of his inventions were surprisingly accurate in foreshadowing what would happen decades later on the long polar expeditions. If there was anywhere on Earth evocative of other planets, it was those large frozen surfaces. In *The Sphinx of the Ice Fields*, where Verne continued *The Narrative of Arthur Gordon Pym of Nantucket* by his much-admired Poe, his imagined Antarctic world reaches its height as a large magnetic mass that drives compasses wild and draws ships in helplessly to sink, lost forever to the sea.



FLOTAR OU VOAR

En tempos de Verne, o ser humano xa voaba, pero faltaba aínda o paso decisivo para conquistar definitivamente os ceos. Por todo o mundo, os globos ían sumando traballosos logros, mentres unha lexión de pioneiros intentaba unha e outra vez elevarse con aparellos máis pesados que o aire. Aínda que Verne –que só subiu ocasional e tardiamente nun globo, e por pouco tempo– asinara con *Cinco semanas en globo* o maior canto ás posibilidades dos aeróstatos, finalmente decantouse polas grandes máquinas como medio de voo, tal como o demostran o *Albatros*, de *Robur o conquistador*, ou o anfibio *Espanto*, de *Dono do mundo*. Deste modo Verne toma partido na polémica real que naqueles anos protagonizaran defensores e detractores das dúas estratexias. Resulta curioso, non obstante, que a Verne se lle identifique inmediatamente cos globos, que moitos lectores sitúan mesmo en libros nos que non aparece ningún, como en *A volta ao mundo en oitenta días*.

FLOTAR O VOLAR

En tiempos de Verne, el hombre ya volaba, pero faltaba aún el paso decisivo para conquistar definitivamente los cielos. Por todo el mundo, los globos iban sumando trabajosos logros, mientras una legión de pioneros intentaba una y otra vez elevarse con aparatos más pesados que el aire. Aunque Verne –que solo subió ocasional y tardíamente en uno, y por poco tiempo– había firmado con *Cinco semanas en globo* el mayor canto a las posibilidades de los aerostatos, finalmente se decantó por las grandes máquinas como medio de vuelo –así lo demuestran el *Albatros* de *Robur el conquistador* o el anfibio *Espanto* de *Dueño del mundo*–, tomando de este modo partido en la polémica real que en aquellos años protagonizaban defensores y detractores de las dos estrategias. Resulta curioso que, sin embargo, a Verne se le identifique inmediatamente con los globos, que muchos lectores sitúan incluso en libros en los que no aparece ninguno, como en *La vuelta al mundo en ochenta días*.

TO FLOAT OR TO FLY

In Verne's day, humans were already flying but a final step remained in the definitive conquest of the skies. All over the world, balloons were racking up hard-earned achievements, while a legion of pioneers made repeated attempts to fly in heavier-than-air devices. Verne –who went up rarely, rather late, and only for short rides– had praised the possibilities of aerostatic balloons in *Five Weeks in a Balloon*, but in the end he came out in favor of large machines as the best way to fly, as shown in the Albatross of *Robur the Conqueror* or the amphibian Terror in *Master of the World*. He thus took sides in the controversy of his day between those for or against each of the approaches. Curiously enough, people immediately associate Verne with hot air balloons, and many readers even believe they appear in books where there are none, such as *Around the World in Eighty Days*.



2889

Aínda que Verne é recoñecido por moitos como o pai da ciencia ficción moderna, o certo é que case toda a súa obra transcorre na máis absoluta contemporaneidade. Unha excepción é a novela temperá *París no século XX* (1863). Escrita xusto despois do éxito de *Cinco semanas en globo*, nela Verne especula sobre como sería o futuro no ano 1960. Hetzel, o seu editor, negouse a publicala debido á súa visión negativa dun progreso que arrombaría as humanidades e implantaría unha ditadura do cientificismo, algo que non se axustaba ao ton optimista que quería que tinguise a serie das *Viaxes extraordinarias*. A obra permaneceu inédita ata 1994, e descubriu un sorprendente Verne. En cambio, no relato *A xornada dun xornalista americano no 2889* (1891) –para algúns obra do seu fillo Michel– descríbese un mundo que os impresionantes medios de transporte fixeron pequeno, onde os humanos se estenderon por todo o Sistema Solar e ao que a tecnoloxía trouxo enormes beneficios. Tales eran as dúas almas de Verne con respecto ao progreso.

2889

Aunque Verne es reconocido por muchos como el padre de la ciencia ficción moderna, lo cierto es que casi toda su obra transcurre en la más absoluta contemporaneidad. Una excepción es la novela temprana *París en el siglo XX* (1863). Escrita justo después del éxito de *Cinco semanas en globo*, en ella, Verne especula sobre cómo sería el futuro en el año 1960. Hetzel, su editor, se negó a publicarla debido a su visión negativa de un progreso que arrumbaría a las humanidades e implantaría una dictadura del cientificismo, algo que no se ajustaba al tono optimista que quería que tiñera la serie de los *Viajes extraordinarios*. La obra permaneció inédita hasta 1994, y descubrió a un sorprendente Verne. En cambio, en el relato *La jornada de un periodista americano en el 2889* (1891) –para algunos obra de su hijo Michel– se describe un mundo que los impresionantes medios de transporte ha hecho pequeño, donde los humanos se han extendido por todo el Sistema Solar y al que la tecnología ha traído enormes beneficios. Tales eran las dos almas de Verne con respecto al progreso.

2889

Although Jules Verne is considered the father of modern science fiction by many, almost all his works take place during the time he lived. An exception is the early novel *Paris in the Twentieth Century* (1863). Written immediately following his success with *Five Weeks in a Balloon*, it is Verne's speculation on what life in the year 1960 would be like. Hetzel, his editor, refused to publish it due to its negative view on progress as destroying the humanities and implanting a dictatorship of scientism, which was not in keeping with the optimistic tone Hetzel wanted throughout the series of *Extraordinary Journeys*. The work remained unpublished until 1994 and it reveals a surprising side to Verne. In contrast, the story *The Day of an American Journalist in 2889* (1891) –the work of his son Michel, according to some– depicts a world made small thanks to amazing means of transport, humans spread all over the Solar System, and technology providing tremendous benefits. These show Verne's opposing views on progress.





ARREDOR DA LÚA

A viaxe á Lúa, presente na literatura universal dende o século IV a. C., foi un motivo recorrente na cultura popular do século XIX. En 1835, un dos autores predilectos de Verne, Edgar Allan Poe, propuxo viaxar ata alí en globo no seu conto *A incomparable aventura dun tal Hans Pfaall.* Ese mesmo ano, a falsa noticia do descubrimento de vida lunar conmocionou o público, que puido soñar coa posibilidade de alcanzar o satélite grazas á verosimilitude de dúas novelas escritas por Verne: *Da terra á lúa* (1865) e *Arredor da lúa* (1870). Ambas as dúas calaron profundamente no imaxinario colectivo, grazas tamén ás exitosas adaptacións teatrais e cinematográficas posteriores. A Lúa tivo un sinalado protagonismo na Exposición Universal de 1900 e na Exposición Panamericana de Buffalo de 1901, ano de publicación de *Os primeiros homes na lúa*, de H. G. Wells. Todos os contemporáneos de Verne soñaban cunha viaxe que se fixo realidade en 1969. A relectura dos libros de Verne desvela asombrosas coincidencias entre a invención e os feitos: o lugar de partida e a aterraxe, algunhas medicións e nomes... Verne é, sen dúbida, o cuarto tripulante do *Apolo 11*.

ALREDEDOR DE LA LUNA

El viaje a la Luna, presente en la literatura universal desde el siglo IV a. C., fue un motivo recurrente en la cultura popular del siglo XIX. En 1835, uno de los autores predilectos de Verne, Edgar Allan Poe, propuso viajar hasta allí en globo en su cuento *La incomparable aventura de un tal Hans Pfaall*. Ese mismo año, la falsa noticia del descubrimiento de vida lunar conmocionó al público, que pudo soñar con la posibilidad de alcanzar el satélite gracias a la verosimilitud de dos novelas escritas por Verne: *De la Tierra a la Luna* (1865) y *Alrededor de la Luna* (1870). Ambas calaron profundamente en el imaginario colectivo, también gracias a las exitosas adaptaciones teatrales y cinematográficas posteriores. La Luna tuvo un señalado protagonismo en la Exposición Universal de 1900 y en la Exposición Panamericana de Buffalo de 1901, año de publicación de *Los primeros hombres en la Luna,* de H. G. Wells. Todos los contemporáneos de Verne soñaban con un viaje que se hizo realidad en 1969. La relectura de los libros de Verne desvela asombrosas coincidencias entre la invención y los hechos: el lugar de partida y aterrizaje, algunas mediciones y nombres... Verne es, sin duda, el cuarto tripulante del *Apolo 11*.

AROUND THE MOON

A journey to the Moon, a feature of world literature since 400 BCE, was a recurring theme in 19th century popular culture. In 1835, one of Verne's favorite authors, Edgar Allan Poe, proposed a trip there by balloon in his short story *The Unparalleled Adventure of One Hans Pfaall*. That same year, the false news of the discovery of life on the moon thrilled the public, who were able to dream of the possibility of reaching it thanks to the plausibility of two novels written by Verne: *From Earth to the Moon* (1865) and *Around the Moon* (1870). Both lodged deeply in the collective imagination, due also to successful adaptations, first on stage, then on screen. The Moon was showcased at the 1900 World's Fair and the Pan-American Exposition in Buffalo in 1901, the year *The First Men in the Moon* by H. G. Wells was published. All of Verne's contemporaries dreamed of the voyage that would become a reality in 1969. Re-reading Verne's books reveals amazing coincidences between his inventions and the facts, including the location of take-off and landing, and some measurements and names. Verne is without a doubt the fourth crew member of the *Apollo 11*.